**PROGRAMACIÓN DO CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO AMADOR DA FEGATEA NO CVC DE VALLADARES**

**Sábado, 5 de outubro ás 20.00 horas**

**TEATRO DO AR**

| | |
|---|---|
| NOME DA OBRA | **SECA** |
| XÉNERO | COMEDIA |
| TIPO DE PÚBLICO | TODOS OS PÚBLICOS |
| DURACIÓN | 65 min. |
| SINOPSE | María, unha actriz vida a menos, chega a lagoa de Quintela para rodar un anuncio turístico. O proxecto é un desastre dende o principio. A lagoa non ten auga, o seu ex aparece para rodar con ela e a súa vella axente quere facerlle a vida imposible. Cando todo parece que non pode ir a peor, María atopa unha esperanza nos restos da lagoa. Será un espellismo? |

**Sábado, 12 de outubro ás 20.00 horas**

**TEATRO CATRO GATOS**

| | |
|---|---|
| NOME DA OBRA | **RÍO BRAVO** |
| XÉNERO | COMEDIA |
| TIPO DE PÚBLICO | TODOS OS PÚBLICOS |
| DURACIÓN | 75 min. |
| | Nun lugar do (nor) Oeste, á saída dalgunha revolta, atópase Río Bravo, onde os homes son homes e as mulleres tamén. Este musical trepidante esgota os estereotipos do «western» e ri de todos eles. A súa banda sonora consta de cancións breves dos máis variados estilos e compleméntase cun amplo dispositivo de sons incidentais e onomatopeas, configurando unha atmosfera propicia para ensanchar o imaxinario colectivo dun xénero tan icónico como os filmes de vaqueiros. |

**Sábado, 19 de outubro ás 20.00 horas**

**TEATRO PASO DE VALVERDE**

| | |
|---|---|
| NOME DA OBRA | **OS CONTOS CLÁSICOS DA TÍA CAROLINA** |
| XÉNERO | COMEDIA |
| TIPO DE PÚBLICO | FAMILIAR |
| DURACIÓN | 60 min. |
| SINOPSE | Mina e Xacobe son dous nenos que viviron na mesma aldea escoitando os contos da tía Carolina. Tras a morte desta, os nenos, xa maiores, voltan á aldea e lembran algunhas das historias que a sua tía acostumaba a contar: Carapuchiña vermella, Hansel e Gretel…Pero, quen será agora o que escoite esas historias? Espectáculo de sombras para todos os públicos. |

**Sábado, 26 de outubro ás 20.00 horas**

**TEATRO ESCOITADE**

| | |
|---|---|
| NOME DA OBRA | **VAMPIROS** |
| XÉNERO | COMEDIA |
| TIPO DE PÚBLICO | ADULTO |
| DURACIÓN | 65 min. |
| SINOPSE | A actividade empresarial de O`Meu céntrase, básicamente, nos alugueres de vivendas. O individuo O´Meu non é unha persoa de estudos, mais é listo como un allo e posúe un ”aquel” para levar o negocio como se nada. Ten unha boa secretaria, Teté. Xa entrada en anos, solteira e sen fillos é quen, ela soa, bota ao lombo, como se nada a actividade da súa empresa.<br>A secretaria Teté, lévalle a O´Meu o negocio ao pé de canón. El ten bos contactos no Concello, o Intendente Municipal arránxalle aquelas dificultades que se lle presentan a miúdo, como o de facilitarlle pola calada expedientes de suculento contido por onde lle choven os cartos. A avogada Chori resólvelle as dificultades xurídicas e xudiciais nas operacións inmobiliarias tal como ocorre na operación de compra do edificio onde vive A MENCA e a súa neta LEXANDRA. Mais non todo é como semella. |




XUNTA DE GALICIA

Teatro Escoitade

Centro Veciñal e Cultural de Valladares

FEGATEA